



Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta ante o Pleno do Concello de Cabanas para o seu debate e posterior acordo a seguinte

MOCIÓN SOBRE A TRANSFERENCIA E GRATUIDADE DA AP-9 E MELLORAS NECESARIAS PARA A COMARCA DO EUME

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A AP-9 conecta toda a franxa Atlántica e cinco das sete cidades galegas. Malia o seu carácter vertebrador, a AP-9 continúa a depender do Goberno Central, e continúa a ser explotada por unha concesionaria que impón unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento da nosa economía, ao tempo que incumpre os compromisos de conservación cun servizo deficiente que crea un maior deterioro.

O ano pasado, o Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade de todas as forzas políticas con representación a “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, co obxectivo de traspasar a titularidade da autoestrada para Galiza e dar os primeiros pasos para a fin da súa concesión. Esta proposición de LO foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final, mais foi vetada polo Goberno Central o día 14 de outubro de 2016.

O goberno xustificou este veto baseándose nun suposto incremento do coste do rescate, calculado dun xeito absurdo tomando os valores que máis benefician á concesionaria e ignorando a variación de uso da autoestrada.

Este feito xa é indignante de por si, mais, ante o multimillonario rescate das autoestradas radiais de Madrid, deficitarias e quebradas, cuxo rescate non redundará nun beneficio para as usuarias, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e bancos que impulsaron esa ruínosa construción, o que atopamos é un agravio comparativo para con Galiza, que sofre unhas peaxes desorbitadas nunha infraestrutura vertebradora e que dá importantes beneficios á súa concesionaria.

No caso da nosa comarca, este agravio é particularmente importante, xa que, no seu día, a concesionaria empregou a finalización da autoestrada até Ferrol como moeda de cambio para conseguir a extensión da concesión até 2048 (cando inicialmente ía rematar



en 2013 e despois en 2023) e así poder seguir obtendo beneficios durante 25 anos máis. Ao mesmo tempo, a concesionaria segue a condenar a esta comarca, e ao noso concello en particular, ás frecuentes retencións na Ponte de Pedra, única alternativa libre de peaxe, ao negarse tanto a crear un enlace en Vidreiro como a considerar a gratuídade do tramo até Miño, únicas alternativas que poderían evitalas.

É polo tanto necesario que tamén desde esta corporación reafirmemos e apoiemos a iniciativa aprobada no Parlamento de Galiza que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galiza nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país. Aspiramos a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custo do peto de sufridos usuarios e usuarias.

Con esta moción pretendemos que o Pleno do Concello de Cabanas se sume tamén ao consenso político acadado no Parlamento de Galiza e apoie expresamente a defensa da iniciativa lexislativa para reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza, nos termos aprobados polo Parlamento de Galiza; e ao tempo exprese o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario, se impoña un veto ao seu debate e tramitación nas Cortes Xerais.

Por estas razóns, o Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello de Cabanas esta moción propoñendo a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1- Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da "Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza", aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.
- 2- Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.
- 3- Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos das autoestradas radiais de Madrid, feito co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP9.



Bloque Nacionalista Galego de Cabanas
cabanas@bng.gal
cabanas.bng.gal

- 4- Solicitar a construción urxente do Enlace na AP-9 á altura de Vidreiro, imprescindible para acabar coas retencións ao tráfico que sufrimos no noso concello, e instar á consideración da gratuidade do tramo da AP-9 entre Fene e Miño, ou, cando menos, entre Fene e ese novo enlace do Vidreiro.
- 5- Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidenta do Congreso dos Deputados.

En Cabanas, a 13 de xaneiro de 2017

Asdo. Iago Varela Martínez
Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS